



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 31 DE XANEIRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Portomarín do antigo trazado da vía provincial LU-P-4902, do Alto do Valiño (LU-610), por Vilaxuste, a Valdeporras (N-540), e da vía provincial LU-P-4904, de Portomarín ao Alto do Valiño (LU-610)".
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Saviñao do antigo trazado da vía provincial LU-P-5804, de Rebordondiego á de Ferreira a Currelo, correspondente á travesía do núcleo rural de Morgade.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación do Plan de transporte público de Galicia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para levar a cabo obras de acondicionamento no espazo anexo á sala principal de equipos (fase II) do Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta de Galicia. Orzamento total do convenio: un millón de euros (1.000.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Cultura e Turismo, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela para transformación e ampliación do



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
**Consello da Xunta**

proxecto Lex.gal, por un importe total de cento trinta e oito mil seiscentos cincuenta e cinco euros con cincuenta céntimos (138.655,50 €).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación suxeita á regulación harmonizada para o servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade intelectual na provincia de Pontevedra. Procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente 4/2019). Importe de licitación: un millón trescentos dezaseis mil novecentos cincuenta e dous euros (1.316.952 €). Valor estimado: dez millóns cento trinta mil catrocentos euros (10.130.400 €).

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre as axudas á industria forestal vinculadas a proxectos de segunda transformación e ao plan de formación específico para este sector.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a situación do Programa de casas niño da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a orde de axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Feader.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a Orde de bases da convocatoria de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción locais do sector pesqueiro (GALP) en aplicación do art. 58 e seguintes do Regulamento FEMP.



## A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE PORTOMARÍN DA TITULARIDADE DE DOUS TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS

- ***Dáselle o visto e praxe ao cambio de titularidade dun treito do antigo trazado da estrada LU-P-4902 nos núcleos de Castrolázaro e Arieiras***
- ***Apróbase tamén a transferencia do treito da LU-P-4904 de Portomarín ao Alto do Valiño***
- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme coa Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o Concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Portomarín da titularidade dun treito do antigo trazado da estrada provincial LU-P-4902 que atravesa as poboacións de Castrolázaro e Arieiras, e do tramo da vía provincial LU-P- 4904 que vai desde o núcleo de Portomarín ata o Alto do Valiño.

O Concello de Portomarín solicitou á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade do antigo tramo da estrada provincial LU-P-4902, do Alto do Valiño (LU-602) por Vilaxuste, a Valdeporras, e que discorre entre as edificacións dos núcleos de Castrolázaro e Arieiras, así como do tramo da vía provincial LU-P- 4904 de Portomarín ao Alto do Valiño, na estrada autonómica LU-610.

O organismo provincial de Lugo considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do Concello de Portomarín, polo que emite informe favorable para a transferencia destas vías e solicita o cambio de titularidade destas estradas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Portomarín deste antigo treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello de Portomarín terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ano da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DO SAVIÑO DA ANTIGA TRAVESÍA PROVINCIAL DO NÚCLEO RURAL DE MORGADE

- *Trátase da transferencia do antigo trazado da estrada provincial LU-P-5804, de Rebordondiego á de Ferreira a Currelos*
- *O executivo autonómico autoriza a transferencia da vía provincial por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e logo do acordo entre as administracións implicadas*
- *O cambio de titularidade favorece a explotación desta infraestrutura dende o punto de vista municipal, que asume o seu mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade do antigo trazado da estrada provincial LU-P-5804, de Rebordondiego á de Ferreira a Currelos, a prol do Concello do Saviño, que atravesaba o núcleo rural de Morgade.

O Concello do Saviño solicitou á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade desta antiga travesía no núcleo rural de Morgade, que agora conta cun novo trazado. A petición vén motivada pola perda de funcionalidade deste antigo trazado, sen apenas tráfico na actualidade.

A Administración provincial de Lugo manifestou a súa conformidade co cambio de titularidade a prol do Concello de Saviño emitindo o informe favorable correspondente para a transferencia desta travesía do núcleo rural de Morgade e solicita o cambio de titularidade dos sinalados treitos de vía á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Saviño do antigo trazado provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, correspóndelle ao Concello de Saviño, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico.

## A XUNTA DE GALICIA APROBA MELLORAS NA RISGA QUE GARANTEN O DEREITO Á VIVENDA E FACILITAN O ACCESO AO MERCADO LABORAL

- ***Permítase a convivencia no mesmo domicilio de dúas unidades familiares que perciban a prestación***
- ***Auméntase o complemento de alugueiro ata o 15% do Iprem para as familias con menores***
- ***Faise compatible con ingresos laborais e introdúcense os tramos de inserción e de transición ao emprego***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia que introduce importantes melloras na renda de inclusión social (Risga). Uns cambios que procuran garantir o dereito á vivenda e facilitar o acceso ao mercado laboral dos ao redor de 10.000 galegas e galegos que a día de hoxe reciben esta achega económica, 600 menos que ao inicio da presente lexislatura, o que pon de manifesto a mellora da situación económica.

Unha das novidades máis significativas que achega este decreto é en materia de vivenda. O acceso a un fogar debe ser o punto de partida de calquera itinerario de inclusión e, con esta finalidade, a norma abre a porta a que convivan no mesmo domicilio dúas unidades familiares que perciban a Risga, sempre e cando teñan un contrato de arrendamento ou calquera outro título xurídico válido.

Outra vantaxe que se recolle no ámbito residencial é que as dúas unidades familiares que conviven baixo un mesmo teito poden cobrar de xeito íntegro o complemento de alugueiro. Un crédito adicional que aumenta a súa contía do 10% do Iprem (53 euros) ao 15% (80 euros) para fogares con menores. Así mesmo, a partir de agora este complemento será compatible con outras axudas da Xunta que teñan a mesma finalidade, como o bono alugueiro social.

Ademais, naqueles casos en que a persoa perceptora non teña un domicilio independente, dispón dun prazo de 12 meses prorrogables ata os 24 para a busca dun novo domicilio, en vez dos 6 antes vixentes.

Por outra banda, o decreto aprobado hoxe permite cobrar o complemento familiar nos casos en que o perceptor da Risga teña residencia legal, aínda que os menores da súa unidade familiar non a teñan. Un requirimento que tampouco será necesario en ningún dos casos para solicitar as axudas de inclusión social, prestación extraordinaria para afrontar situacións extremas.

### **Inserción laboral**

No que atinxe ao acceso ao emprego, poderase compatibilizar a Risga cos ingresos dun traballo, coa finalidade de que aceptar un emprego non supoña unha perda de ingresos con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

respecto á renda social. Deste xeito, estar en situación de desemprego deixa de ser un requisito para acceder a esta axuda.

Nesta liña, créanse dous novos tramos, que se suman ao persoal e familiar. Estes son o de inserción e o de transición ao emprego. O primeiro consiste nun complemento do 35% do Iprem (188 euros) durante un máximo de doce meses, prorrogable por outros seis. Poderán acceder a este tramo de inserción as persoas que superen un diagnóstico de empregabilidade, as cales deberán subscribir un convenio de inclusión sociolaboral en que se comprometan, por exemplo, a mellorar a súa formación ou facer prácticas laborais non remuneradas.

O tramo de transición ao emprego é un incentivo que se concederá ás persoas perceptoras que atopen un traballo. Así, durante o primeiro mes poderán cobrar ata un 35% máis ca o salario mínimo interprofesional, tendo en conta a suma do percibido en concepto de Risga e de salario. Esta contía irá descendendo progresivamente ata deixar de percibir a axuda ao finalizar o semestre.

Coa eliminación da condición do desemprego e a introdución destes dous novos tramos, a Risga convértese nunha auténtica ferramenta para a inserción laboral, na liña das recomendacións que fai a Comisión Europea.

### Máis novidades

Ademais, á hora de calcular se unha persoa ten dereito a percibir esta achega económica, computaranse unicamente os ingresos que efectivamente se cobren, non aqueles aos que se ten dereito pero que non se están a facer efectivos.

Por último, tamén se amplía a compatibilidade da Risga coas axudas de inclusión, incluíndo as dirixidas á compra de alimentación, roupa e enxoval doméstico, sempre que se acredite a necesidade destes produtos por cuestións médicas e de saúde (intolerancias alimentarias, discapacidades ou patoloxías crónicas ou minoritarias).



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXTENSIÓN DO MODELO DE AUTOBÚS COMPARTIDO PARA GARANTIR A MOBILIDADE NO RURAL CON MOTIVO DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade someterá a partir de mañá a información pública a primeira parte dos novos mapas de liñas de autobús, coa cal se pretende ofrecer un transporte público adaptado ás necesidades da Galicia actual***
- ***Nesta fase inicial consolidarase a renovación do sistema de transporte público interurbano posta en marcha en agosto de 2017 en parte do territorio galego, reforzando a aposta polo aproveitamento das prazas baleiras do transporte escolar***
- ***Con esta fase está previsto que chegue a ser autobús compartido arredor do 35% do transporte de escolares existente en Galicia***
- ***Este sistema permitiu xa case 300.000 viaxes nas prazas baleiras dos autocares escolares desde setembro de 2017***
- ***No futuro seguirá a garantirse a atención prioritaria do alumnado, así como as medidas de seguridade nos autobuses e a blindaxe da presenza dun monitor acompañante en cada ruta***
- ***O deseño da segunda parte das liñas, correspondente ao resto de Galicia, farase público no mes de xuño, co obxectivo de que toda a renovación do mapa de transporte estea en marcha a finais de 2019, cumprindo así o ditado da UE***
- ***O Plan de transporte público estase a desenvolver sobre un inxente traballo de campo e coa participación dos concellos e axentes sociais, así como en permanente diálogo con empresarios e traballadores do sector***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a extensión do modelo de autobús compartido para garantir a mobilidade do medio rural con motivo da posta en marcha do Plan de transporte público de Galicia. Con ese fin, o Goberno galego aprobou hoxe un acordo polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público.

A Xunta está a traballar para cumprir o establecido na normativa europea e culminar neste ano 2019 a renovación de todo o mapa de servizos de autobús interurbano da Comunidade a través do Plan de transporte público de Galicia.

No marco dese proceso, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade someterá a partir de mañá a información pública a primeira parte dos novos mapas de liñas de autobús, cos cales se pretende ofrecer á cidadanía un transporte público adaptado ás necesidades da Galicia actual.

Esa primeira fase consolidará a renovación do sistema de transporte público interurbano posta en marcha en agosto do ano 2017 en parte do territorio galego, concretamente, na

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

totalidade da provincia de Ourense, gran parte da provincia de Lugo, preto da metade da de Pontevedra e determinadas zonas da Coruña.

A segunda fase da reorganización das liñas de transporte da comunidade farase pública no mes de xuño, co obxectivo de que a finais deste ano 2019 estea en marcha plenamente o Plan de transporte.

Xa nesta primeira entrega, reforzarase a aposta polo autobús compartido, de forma que se prevé que acadará arredor do 35% do transporte de escolares da Comunidade.

En total, serán case 1.700 rutas que transportan os escolares a máis de 280 centros educativos.

Como novidade fronte ao que xa está a funcionar desde 2017, a integración do transporte escolar realizarase en función dos centros educativos, de tal forma que serán compartidas, como criterio xeral, todas as liñas relacionadas cun colexio. Así, para facilitar a xestión e a atención aos usuarios, deixarán de convivir nun único centro de ensino liñas de autobús compartido con outras que non o son, agás determinadas excepcións.

A Consellería de Educación conservará as súas competencias respecto da declaración do dereito ao transporte por parte dos escolares, así como a organización das áreas educativas, os seus horarios e xornadas.

A modalidade de transporte compartido posibilita empregar as prazas vacantes dos autobuses escolares para o transporte regular de pasaxeiros, aumentando así as opcións de mobilidade, especialmente no medio rural.

O Goberno galego, tal como se veu realizando ata a actualidade, seguirá a establecer como prioridade o correcto funcionamento do transporte dos escolares, blindando a atención das necesidades do alumnado en canto a horarios e paradas e asegurando a figura do acompañante escolar en todas as liñas.

O autobús compartido permite multiplicar a cobertura do transporte público, dándolle un maior rendemento social aos recursos públicos que se destinan ao financiamento do transporte escolar, tendo en conta a acentuada dispersión territorial galega.

A posta en marcha desa modalidade en setembro de 2017 permitiu realizar xa preto de 300.000 viaxes aproveitando as prazas baleiras dos autobuses escolares na Comunidade.

Dende a súa posta en marcha, incrementáronse un 37% o número de quilómetros percorridos, triplicáronse o número de paradas e rebaixáronse as tarifas.

Ademais, as enquisas realizadas revelan que 3 de cada 4 cidadáns consultados valoran positivamente os servizos de autobús compartido e baixo demanda, e que a consideración



do transporte público é máis favorable nas zonas en que máis impacto tivo o inicio da renovación do sistema.

### **Experiencia e traballo de campo**

A consolidación do plan estase a basear na experiencia da renovación iniciada en agosto de 2017, facendo posible que a Comunidade non quedase nin un só día sen transporte como consecuencia das renuncias de determinadas empresas a continuar co servizo.

O Plan de transporte público estase a desenvolver sobre un inxente traballo de campo e coa participación dos concellos e axentes sociais, así como en permanente diálogo con empresarios e traballadores do sector.

O executivo autonómico consultou os concellos, analizou os centros de atracción de persoas e efectuou enquisas a colectivos diversos como as persoas usuarias, o persoal sanitario que organiza citas médicas ou os profesores, entre outros moitos.

## A XUNTA AMPLIARÁ O CENTRO DE PROCESO DE DATOS INTEGRAL PARA DAR RESPONSA AOS AVANCES DA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DE GALICIA

- ***O corazón dixital de Galicia, situado na Cidade da Cultura, incrementará en máis da metade a súa capacidade actual***
- ***En 2012 entrou en funcionamento a primeira fase do CPDI coa previsión de activar unha segunda fase ante as necesidades derivadas da evolución tecnolóxica***
- ***O Centro de Proceso de Datos integral dá servizo a 3.000 centros da Administración autonómica, 600 centros sanitarios, 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia e a outras entidades públicas como deputacións, concellos ou universidades***
- ***Alberga o nodo central das telecomunicacións de todos os servizos públicos de Galicia, o nodo de interoperabilidade que facilita o intercambio telemático de documentación entre as administracións e as infraestruturas do centro de resposta rápida ante incidentes de seguridade***

A Xunta ampliará o Centro de Proceso de Datos Integral, situado na Cidade da Cultura, para dar resposta ás necesidades derivadas da transformación dixital e garantir a prestación de servizos. O corazón dixital de Galicia entrou en funcionamento en 2012 coa posta en marcha dunha primeira fase que actualmente presta servizo a máis de 3.000 centros administrativos; 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais e 1.500 oficinas de farmacia, así como a 91.000 empregados públicos, entidades e organismos autónomos dependentes da Xunta e a outras entidades públicas como deputacións ou concellos.

A día de hoxe o CPDI alberga 3.300 servidores que custodian historias sociais, expedientes académicos e administrativos de cidadáns e empresas. No curto prazo o avance da dixitalización precisará doutros 1.200 servidores e dun incremento da capacidade de almacenamento dos 2,6 PetaBytes actuais aos 4 PBs.

Por este motivo, a Amtega inicia a segunda fase do Centro de Procesos de Datos Integral, cun investimento de 2,5 millóns de euros, 1 millón destinado ao acondicionamento do espazo, en virtude dun convenio coa Fundación Cidade da Cultura, aprobado hoxe no Consello da Xunta, e 1,5 millóns de Fondo Feder para a dotación de infraestrutura tecnolóxica de base (cableamento, armarios...). En 2019 ampliarase a capacidade de almacenamento e *backup*, cun investimento de 2,5 millóns de euros.

### **Corazón dixital do Gaiás**

Cómpre lembrar que o CPDI alberga tamén o nodo central das telecomunicacións de todos os servizos públicos de Galicia, o nodo de interoperabilidade a través do cal se conectan todas as administracións públicas para garantir o intercambio telemático seguro da documentación, así como as infraestruturas do centro de resposta rápida ante incidentes de seguridade, baixo un modelo de cooperación co Centro criptolóxico Nacional e o Instituto Nacional de Ciberseguridade.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
**Consello da Xunta**

A situación do CPDI e a Amtega na Cidade da Cultura responde á procura da optimización dos recursos públicos e reducir gasto, unificando nun só espazo os distintos locais nos que se situaba o equipamento de telecomunicacións e proceso de datos da Comunidade. Ademais, amplía os usos do complexo da Cidade da Cultura, impulsando o polo galego tecnolóxico e cultural desde o Gaiás.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## O PORTAL XURÍDICO GALEGO INCORPORARÁ NOVOS CONTIDOS PARA FACELO MÁIS ÚTIL E ATRACTIVO GRAZAS Á COLABORACIÓN DA XUNTA, O PARLAMENTO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

- *Esta colaboración conxuga recursos xurídicos, normativos e lingüísticos coas tecnoloxías da información e as comunicacións co propósito de que se teña acceso a un recurso xurídico en galego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación do convenio asinado entre o Parlamento de Galicia, a Universidade de Santiago, Vicepresidencia e consellería de Presidencia, e Cultura e Turismo para a transformación e ampliación do proxecto Lex.gal. Trátase dunha colaboración na cal se conxugan recursos xurídicos, normativos e lingüísticos coas tecnoloxías da información e as comunicacións co propósito de que a sociedade galega dispoña dunha base de datos xurídicos en lingua galega, en liña e de balde.

Esta renovación persegue catro obxectivos concretos. O primeiro deles é a mellora e ampliación dos contidos do portal. Nesta liña, procurarase que o portal ofrezca aos usuarios, cando menos, un completo catálogo de normas galegas consolidadas, unha selección de normativa estatal traducida para o galego e unha sección destinada a visibilizar o emprego do galego no ámbito xudicial.

O segundo propósito é o de elaborar un novo protocolo de funcionamento do portal xurídico galego tendo en conta as novas seccións. Este documento deberá recoller o procedemento de criterios para a elaboración e selección de contidos do portal co obxectivo de permitir a simple actualización, unha vez rematado o proceso de execución. Os obxectivos restantes son mellorar a visibilidade do portal e o seu impacto social e a elaboración dunha guía onde se recompilen as solucións ás dúbidas de natureza xurídica xurdidas durante o proceso de renovación.

Para garantir o cumprimento destes obxectivos o proxecto contará cun orzamento anual de 46.218,50 euros que se destinarán a cubrir o custo da dirección técnica e o mantemento polo proxecto. A Xunta de Galicia colaborará con 2000 a través da Dirección Xeral de Xustiza e 5000 mediante a Secretaría Xeral de Política Lingüística. A cantidade restante será achegada polo Parlamento de Galicia. A Universidade de Santiago de Compostela, pola súa parte, achega os recursos humanos que permiten o desenvolvemento deste proxecto.

### Compromisos para 2019

O convenio terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o 16 de decembro do ano 2021. Ao longo destes tres exercicios cada unha das partes asumirá varios compromisos. No caso do ano 2019 as tarefas que se levarán a cabo son o redeseño dos contidos do portal e a elaboración dunha proposta da nova aparencia, a identificación dos problemas técnicos susceptibles de mellora, o deseño da planificación de implementación das novas seccións, a mellora da visibilidade do portal, a actualización do portal, a formulación dos criterios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

susceptibles de incorporar á guía xurídica e ao protocolo de funcionamento e o inicio das tarefas de implementación. Nos vindeiros anos continuarase coas tarefas de implementación, actualizando o portal e tratando de mellorar a súa visibilidade. Ademais, en 2021 elaborárase unha guía coas dúbidas xurdidas durante o proceso.

### Antecedentes

O primeiro antecedente de colaboración entre a extinta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (na actualidade Consellería de Cultura e Turismo) a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e a USC, foi o convenio plurianual 2013-2015 para desenvolver un proxecto lingüístico e xurídico denominado *Código de dereito galego en liña*.

Con posterioridade, o Parlamento de Galicia e outras entidades públicas da Xunta de Galicia manifestaron o seu desexo de participar neste proxecto de colaboración que conxuga recursos xurídicos, normativos e lingüísticos coas tecnoloxías da información e as comunicacións, co propósito de propiciar que, desde Galicia, a sociedade en xeral teña acceso a un recurso xurídico normativo e lingüístico en galego cun soporte tecnolóxico en liña, de forma gratuíta e a través de Internet. Así, en decembro de 2016 foi presentado publicamente o portal Lex.gal. En xuño de 2017 asinouse un novo convenio para seguir desenvolvendo os traballos do Portal Xurídico Galego e da Base de datos de lexislación galega consolidada Lex.gal.

Na actualidade, é interese das partes asinantes manter e intensificar esta colaboración, incorporando novas perspectivas, co fin de que a sociedade galega en xeral teña acceso a un recurso telemático que deberá ter continuidade no tempo para manter actualizada, consolidada e con plena vixencia a normativa galega e a información xurídica de interese xeral, reforzando o obxectivo de facilitar un servizo de carácter público e de marcado interese xeral.

## A XUNTA RENOVA 60 PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- ***O importe do novo acordo, que cobre inicialmente ata final deste ano 2019, é de 1,3 millóns de euros***
- ***Recóllese a opción de prorrogalo un máximo de cinco anos, polo que o seu valor total supera os 10 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o contrato para a renovación de 60 prazas públicas de atención á discapacidade intelectual na provincia de Pontevedra que na actualidade se ofrecen no centro do concello de Crecente, a través dun contrato que vence o vindeiro 31 de marzo. Esta medida garante a continuidade desta prestación e consolida unha atención residencial especializada que ten en conta as necesidades e desexos das persoas beneficiarias.

O importe inicial do contrato, que cobre en principio ata final deste ano 2019, é de 1,3 millóns de euros. Recóllese a posibilidade de prorrogalo ata acadar unha duración máxima de 5 anos, polo que o seu valor total ascende aos 10,1 millóns de euros. Deste xeito, asegúrase unha maior estabilidade tanto económica como organizativa, o que repercutirá de xeito moi positivo na atención das persoas usuarias.

Con este acordo, a Xunta segue a fortalecer os servizos dirixidos ás persoas con capacidades diferentes. Un compromiso que se pon de manifesto en medidas como os 106 millóns de euros que se invisten no benestar destas persoas e das súas familias nos orzamentos de 2019, un 63% máis que hai unha década; nas 5500 prazas públicas de atención, 1100 máis que en 2009; ou no reforzo dos equipos de valoración coa posta en marcha de 14 novos e a axilización dos procedementos.





## GALICIA PON EN MARCHA A ESTRATEXIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXIA CO FIN DE ACADAR A NEUTRALIDADE CLIMÁTICA EN 2050

- ***O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do Documento de Inicio da Estratexia de cambio climático e enerxía coa cal o Goberno quere converter a Galicia en parte da solución ao cambio climático***
- ***Este documento pon en valor o sector primario e o medio natural como piares fundamentais da solución a este fenómeno, grazas á súa capacidade de aumentar a resiliencia e mellorar a neutralidade climática***
- ***A Estratexia impulsará a investigación e a innovación para converter Galicia nunha rexión exportadora de coñecemento, apoiándose na comunidade científica***
- ***Tamén será o documento marco que permitirá captar fondos para o desenvolvemento de actuacións que permitirán xerar novas oportunidades empresariais e de emprego***
- ***Esta estratexia establece catro ámbitos de actuación diferentes, como a mitigación, a adaptación, a investigación e a dimensión social e gobernanza, con obxectivos e liñas de actuación concretas***
- ***As medidas poranse en marcha en diferentes plans operativos para o desenvolvemento e implantación e o primeiro Plan operativo 2018-2023 xa recolle máis de 120 medidas consensuadas coas consellerías que suman un importe inicial de máis de 270 millóns de euros***

A Xunta xa ten en marcha a Estratexia galega de cambio climático e enerxía coa finalidade de avanzar cara á neutralidade climática en 2050. O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do Documento de inicio relativo a esta estratexia do Goberno galego, coa cal pretende converter Galicia en parte da solución ao problema do cambio climático.

Acadar a neutralidade climática en Galicia é un obxectivo a longo prazo, definido pola Unión Europea, que consiste en que as emisións de gases de efecto invernadoiro que non se poidan eliminar se compensen polas absorcións de gases de efecto invernadoiro da contorna natural; é dicir, reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro do 25% en 2030 e de máis do 80% en 2050.

Un dos valores da Estratexia de cambio climático é a posta en valor do sector primario e o medio natural como piares fundamentais da solución, grazas á súa capacidade de aumentar a resiliencia e mellorar a neutralidade climática, xa que as masas forestais actúan como sumidoiros, posto que os vexetais captan CO<sub>2</sub> da atmosfera. Tendo en conta que os montes galegos suman unha superficie de máis de 2 millóns de ha (2.030.681), que representa un 56,6% do territorio da Comunidade Autónoma, Galicia é unha das rexións con gran capacidade, dada a maior porcentaxe de terreos de uso forestal.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
**Consello da Xunta**

Asemade, avoga por un modelo enerxético baseado nas enerxías limpas e a mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores, co fin de reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e garantindo un abastecemento de enerxía seguro, sustentable e competitivo.

Esta estratexia tamén destaca pola súa capacidade para conxugar os esforzos non só das distintas administracións senón das empresas, entidades e poboación xeral. Nese sentido, define obxectivos e distribúe as responsabilidades, entre todos os axentes económicos e sociais dun xeito coherente e realista; e busca implantar unha gobernanza multinivel eficiente ofrecendo apoio ás entidades locais para que desenvolvan as súas políticas. Así, mellorarase a calidade de vida dos galegos ao actuar, entre outras cuestións, sobre a xeración de residuos, a calidade do aire, a contaminación lumínica, a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

En definitiva, a Estratexia de cambio climático e enerxía é a resposta na que Galicia quere avanzar para facer fronte ao problema global do cambio climático e -ao mesmo tempo- converterse nun referente no proceso de cambio de modelo de consumo e uso de recursos naturais. Grazas a esta iniciativa impulsárase a investigación e a innovación para converter a Galicia nunha rexión exportadora de coñecemento e solucións, apostando polo talento investigador e pola innovación da Comunidade, como aceleradoras da transición cara a unha rexión baixa en emisións.

Asemade, será o marco que permitirá que Galicia capte fondos para desenvolver actuacións fronte ao cambio climático e xerar novas oportunidades empresariais, abrindo novas liñas de negocio, fomento do emprego verde e fixación de poboación.

### **Catro ámbitos, dez obxectivos**

O documento de Inicio da Estratexia de cambio climático e enerxía 2050, que pretende garantir un futuro resiliente e resistente para as actuais e futuras xeracións, definiu catro ámbitos de actuación: mitigación das emisións de gases efecto invernadoiro e adaptación dos seus impactos. Este dous son os establecidos pola axenda internacional e permiten afrontalo desde as súas causas (mitigación) e as súas consecuencias (adaptación).

Non obstante, o Goberno galego definiu outros dous ámbitos de vital importancia -dada a dimensión social do fenómeno- como son a investigación e innovación e a educación, sensibilización e gobernanza; pois gran parte do éxito das medidas dependen de pequenas decisións individuais do día a día, así como da necesidade de impulsar fórmulas de gobernanza que permitan sumar esforzos.

Cada ámbito operativo ten asociado unha serie de obxectivos con medidas concretas. O primeiro dos ámbitos (mitigación) ten por obxectivo reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e aumentar a absorción de CO<sub>2</sub> mediante unha xestión sustentable do territorio. Entre as medidas que destacan atópanse fomentar a eficiencia enerxética, apostar polas renovables, promover a mobilidade alternativa sustentable, implantar a economía circular e o fomento das infraestruturas verdes.

O marco da adaptación fixa tres retos principais: desenvolver e manter redes de observación e modelos climáticos adaptados a Galicia, aumentar a resiliencia ao cambio climático e apostar por unha xestión adaptativa por actividade para garantir a posición futura dos sectores relevantes para Galicia. As medidas, a grandes trazos, pasan por elaborar un estudo sobre a vulnerabilidade da costa, considerar o cambio climático na xestión sustentable do territorio e mellorar os sistemas de resposta ante eventos extremos.

Situar a Galicia na cabeza contra a mitigación do cambio climático pasa tamén por potenciar a capacidade investigadora e de innovación da Comunidade, así como a transferencia de coñecemento activo e eficaz destas son obxectivos que precisan de medidas como a elaboración de mapas de coñecemento e capacidades de Galicia.

O último ámbito de actuación é o da dimensión social e a gobernanza para o que se fixan tres obxectivos principais, incidir na educación e concienciación social, garantir o compromiso da Administración Pública Galega e impulsar a gobernanza climática a multinivel e transversal. Neste sentido, xa se teñen dado os primeiros pasos coa posta en marcha -a principios de ano- da Oficina do Pacto dos Alcaldes.

### **Primeiro plan operativo**

Para a implantación da Estratexia nos vindeiros anos a Xunta deseñará plans operativos cos que implantar e promover medidas que dean cumprimento aos diferentes obxectivos. Estas foron clasificadas segundo o seu estado de desenvolvemento. Así, identifícanse medidas en implantación, aquelas identificadas noutros documentos como accións específicas e que se están a desenvolver nas respectivas consellerías; medidas en programación, forman parte de documentos de carácter estratéxico ou planificador con cargo a programas de financiamento concretos, como os fondos europeos para horizontes temporais a medio prazo; e medidas en estudo, o conxunto de propostas que formarán parte dun documento estratéxico, formulado entre as diferentes consellerías.

O Goberno galego conta xa co primeiro Plan operativo 2018-2023 que permitirá continuar e poñer en marcha máis de 120 medidas, coordinadas entre os distintos departamentos da Xunta, que suman un importe global inicial de máis de 270 millóns de euros.

Nos vindeiros anos impulsaranse medidas como a elaboración dun mapa de carbono orgánico dos solos, fomentar medidas de seguimento, desenvolver distintos sistemas de información (plataforma centralizada, rede estable de observación, indicadores de monitorización e seguimento e tratamento e análise de sistemas de datos...) sobre o cambio climático e os seus efectos sobre o patrimonio cultural, a biodiversidade terrestre e mariña, así como a vulnerabilidade, impactos e riscos.

No ámbito da investigación e a gobernanza, as medidas que destacan son fomentar a investigación e os estudos, así como mellorar os sistemas de monitorización e integrar o cambio climático nos programas formativos e currículos profesionais.



### Seguir o ritmo da Unión Europea

O último informe de avaliación ambiental do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático indica que unha das principais causas deste fenómeno son as emisións de gases efecto invernadoiro orixinados polas actividades humanas. A folga de ruta que se estableza a nivel internacional será determinante para o desenvolvemento futuro, que debe integrar a mitigación (redución da emisión dos gases de efecto invernadoiro) e a adaptación aos cambios xa evidentes.

Galicia coñece e comparte os obxectivos da Unión europea e as metas que fixan para o vindeiro ano, o 'Obxectivo 20 20 20', é dicir, reducir un 20% as emisións de gases de efecto invernadoiro respecto ás emisións de 1990, acadar un 20% de enerxías renovables e un 20% de eficiencia enerxética; mentres que os retos para o ano 2030 o 'Obxectivo 27-40-27', resúmense en acadar un 27% menos de consumo enerxético, un 40% menos de emisións de CO<sub>2</sub> e un 27% máis de enerxías renovables.

O Goberno galego inicia agora o traballo e actividades de difusión e participación da Estratexia galega de cambio climático, para que o conxunto da sociedade galega poida achegar o seu punto de vista sobre este documento co que Galicia quere converterse nun referente para as restantes rexións e países.

## A XUNTA MOBILIZARÁ 32,5 M € NO IMPULSO Á INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E A MELLORA CONTINUA DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA

- **A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina máis de 11 millóns de euros a tres programas de axudas centrados na incorporación de maquinaria e a mellora de procesos e produtos, así como na formación especializada**
- **Prevese beneficiar a 130 pequenas e medianas empresas que abranguen toda a cadea de valor, desde a explotación forestal ao sector contract**
- **As actividades formativas e de divulgación, en colaboración coas principais asociacións desta industria, chegarán a 1700 persoas**

A Xunta vai impulsar a mobilización de 32,5 millóns de euros na innovación tecnolóxica e a mellora continua da industria forestal galega, a través de tres programas de axudas que contan cun orzamento público de máis de 11 millóns de euros, e dos cales se beneficiarán arredor de 130 empresas de toda a cadea de valor e 1700 persoas, que participarán en actividades formativas e de divulgación.

Así, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) activará unha nova convocatoria do programa de axudas destinada á xeración de valor nos procesos industriais forestais e destinada ás pemes e micropemes que realicen segunda transformación, carpinterías, moblerías e empresas do sector contract que utilicen como materia prima a madeira.

Dotado con dous millóns de euros, con este programa prevese apoiar arredor de 40 proxectos e mobilizar máis de seis millóns de euros. As axudas alcanzarán un 50% dos investimentos e ata un máximo de 200.000 euros por beneficiario. Os proxectos terán por obxectivo aumentar a produtividade; a implantación de técnicas que permitan obter novos produtos ou produtos valorizados, ou implantar procesos que favorezan a minoración do impacto ambiental.

A través desta convocatoria, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) na segunda quincena de febreiro, apóiase a adquisición de maquinaria para segunda transformación, a implantación de procesos de calidade como cadea de custodia, de madeira certificada, e plans de melloras da xestión e dos procesos produtivos (xestión Lean ou similar), así como investimentos en tecnoloxías e en obra civil relacionada cos investimentos anteriores.

Este programa súmase ao xa previsto para as pemes e micropemes dedicadas á explotación forestal, xestión da biomasa forestal e primeira transformación da madeira, que contarán con 8,6 millóns de euros para mellorar a súa competitividade, incentivar o seu crecemento e fomentar o uso de novas tecnoloxías nos procesos de produción.

Mediante esta convocatoria, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) e que se prevé activar a principios do próximo mes, búscase beneficiar 90





INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

empresas, mobilizando 26 millóns de euros no apoio a melloras no aproveitamento, transformación e comercialización dos produtos forestais. Así, apoiarase a posta en marcha de plans de xestión e a implantación das certificacións forestais e de cadea de custodia; maquinaria nova de explotación forestal, de xestión da biomasa forestal, e de primeira transformación da madeira; entre outros. As axudas suporán o 40% dos investimentos realizados ata un máximo de 150.000 euros por beneficiario.

En ambas as convocatorias dáse puntuación adicional nos supostos de mulleres xerentes, e cando as iniciativas supoñen a creación de emprego fixo para mulleres e persoas en riscos de exclusión social, primando tamén a estabilidade laboral.

### Estratexia formativa

A estas iniciativas sumarase na segunda quincena de febreiro o programa para impulsar actividades formativas e divulgativas, no marco da Estratexia de formación da industria forestal. Cun orzamento de 500.000 euros, está dirixida a asociacións do sector, colexios profesionais e fundacións. Prevense apoiar máis de 160 accións centradas nos ámbitos máis demandados pola industria, chegando a arredor de 1700 persoas.

Con estes tres programas poténciase unha industria clave para Galicia. Segundo os datos recollidos no informe *A cadea forestal-madeira de Galicia 2017*, a Comunidade segue a ser unha potencia forestal, xa que se rexistraron novos récords, tanto no volume de cortas de madeira, que superaron por primeira vez os 8,5 millóns de metros cúbicos, preto do 50% nacional; como de exportacións, con máis de 800 millóns de euros. Ademais, Galicia obtivo o mellor rexistro da última década, cunha facturación de 2200 millóns de euros.



## A XUNTA AUMENTA A REDE DE RECURSOS DE CONCILIACIÓN E ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA NO RURAL COA PRÓXIMA APERTURA DE 15 NOVAS CASAS NIÑO

- ***Elevarase ata as 305 o número total de prazas de 0 a 3 anos postas de maneira gratuíta á disposición das familias e repartidas por toda a xeografía galega en 61 servizos deste tipo***
- ***Trabállase nunha nova convocatoria de axudas para este ano, de xeito que Galicia poderá contar con ata 76 casas niño en funcionamento ao remate da presente lexislatura***

O Consello da Xunta informou hoxe da próxima resolución da última convocatoria de axudas (a terceira desde a implantación deste programa en 2016) para a creación de 15 novas casas niño noutros tantos concellos galegos rurais de menos de 5000 habitantes. Coa próxima apertura destes recursos de conciliación, que son gratuítos para as familias, elévanse ata as 305 as prazas para nenas e nenos de 0 a 3 anos, repartidas por toda a xeografía galega en 61 casas niño.

Esta nova orde de axudas tivo unha acollida excelente, e a día de hoxe xa están en funcionamento 46 casas niño. Os concellos en que se instalarán os novos equipamentos ao longo das vindeiras semanas son sete na provincia da Coruña: A Capela, Aranga, Irixoa, Monfero, Santiso, Vilarmajor e Vilasantar. Outras cinco na de Ourense: Petín, Sarreaus, Taboadela, Trasmiras e Vilardevós; e tres nos municipios lucenses de Rábade, O Páramo e Triacastela.

O Goberno galego traballa xa na que será a cuarta convocatoria deste programa, á cal se poderán presentar 36 concellos e que se prevé que saia adiante durante o primeiro semestre deste ano. Esta nova orde de axudas para abrir casas niño terá un orzamento de 1,2 millóns de euros, dos cales 225.000 euros se destinarán a subvencionar o investimento necesario para adecuar a vivenda e os 980.000 euros restantes a sufragar o desenvolvemento do proxecto.

Coa esta futura liña de financiamento de 2019 espérase financiar outros 15 destes recursos, de xeito que Galicia poderá acabar a presente lexislatura con 76 casas niño a pleno rendemento. O obxectivo é achegar os recursos de conciliación e de atención á primeira infancia alá onde as familias o reclaman e, nomeadamente, ao rural, un ámbito que constitúe o 93% do territorio da nosa comunidade.

Esta iniciativa de conciliación para o mundo rural súmase a un completo paquete de medidas en favor da conciliación como, entre outras, a posta á disposición das familias de máis de 24.000 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, o apoio económico á apertura de escolas infantís en polígonos industriais, as axudas directas ás nais e pais a través dos bonos Concilia e Coidado, a Tarxeta Benvida ou as deducións fiscais ás familias con fillas e fillos.

## A XUNTA INVESTIRÁ 13 MILLÓNS DE EUROS PARA ACCIÓNS DE SILVICULTURA EN MÁIS DE 7.000 HECTÁREAS NOS MONTES GALEGOS

- **A través destas axudas o Goberno galego prevé chegar a 500 beneficiarios**
- **A orde, dependente da Consellería do Medio Rural, sairá publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia**

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que este ano contarán cun orzamento de 13 millóns de euros.

O informe reflicte que estas achegas se dividen en dúas liñas de actuación. A primeira delas, que conta cun orzamento de nove millóns de euros, subvenciona prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear discontinuidades verticais e horizontais da cobertoira vexetal e o control selectivo de combustible vexetal para a prevención de incendios. Falamos, polo tanto, de rozas, desmestas, rareos e podas. A segunda liña inclúe tratamentos silvícolas e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo. Para esta segunda parte hai outros catro millóns de euros reservados.

Coa publicación desta orde de axudas, a Consellería do Medio Rural prevé que se poderá chegar a uns 500 beneficiarios e actuar sobre 7.250 hectáreas de superficie. Na última convocatoria, a de 2018, foron 392 os expedientes aprobados por valor de 9,8 millóns de euros con que se financiaron traballos silvícolas en 5.536 hectáreas. Está previsto que esta orde saia publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e os interesados terán un mes de prazo para solicitar as achegas.

Así, poden optar a estas axudas as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta. Tamén se poden acoller as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais e as comunidades de montes veciñais en man común.

Coa publicación desta orde de achegas, a Xunta amosa a súa aposta firme pola conservación dos montes galegos e polos traballos de prevención como fórmula para anticiparse aos lumes forestais. Ademais, deste xeito, apóianse as diferentes formas de xestión dos montes como son as Sofor e outras agrupacións de propietarios.



## OS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO CONTAN CUNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE MÁIS DE 22 MILLÓNS DE EUROS ATA 2021

- ***Esta cantidade enmárcase no actual programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, da cal oito millóns son para o exercicio 2019***
- ***No período 2016-2018 executáronse en Galicia máis de 250 proxectos por preto de 17 millóns de euros, uns investimentos que comprometen a creación dun mínimo de 267 empregos directos***
- ***Froito da experiencia dos últimos anos, a Consellería do Mar introduce novidades na orde que regula estas achegas para axilizar a súa tramitación***
- ***O prazo de presentación de solicitudes está aberto de forma permanente ata o 1 de marzo de 2021***
- ***A Xunta ofrece facilidades para cursar as peticións e pon á disposición das entidades colaboradoras unha aplicación para facer máis sinxelo o seu traballo***

Os promotores dos territorios dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) de Galicia poderán beneficiarse desde agora ata 2021 de axudas por valor de máis de 22,6 millóns de euros para proxectos que favorezan a creación de emprego, a atracción de xente nova ao sector, a diversificación da actividade ou o aproveitamento do patrimonio medioambiental, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático, entre outras iniciativas de dinamización das zonas costeiras. Esta cantidade enmárcase no actual programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), da cal algo máis de oito millóns serán para a anualidade 2019. Así o especifica o informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a convocatoria destas axudas.

A medida supón dar continuidade a unha iniciativa que entre 2016 e 2018 permitiu aprobar 301 proxectos cunhas achegas públicas de case 19,3 millóns de euros. Deles, uns 250 están en execución cun desembolso de case 17 millóns de euros, uns investimentos que comprometen a creación dun mínimo de 267 empregos directos.

Deses 22,6 millóns previstos para o próximo trienio, máis de oito corresponden ao presente exercicio, case seis a 2020 e outros 8,6 millóns a 2021. A maioría desas axudas (18,6 millóns) irá a parar a proxectos produtivos, xeradores de emprego, mentres que case catro millóns serán para proxectos non produtivos. Trátase da convocatoria de maior importe das realizadas ata agora.

O informe analizado polo executivo galego tamén aborda cambios introducidos pola Consellería do Mar na convocatoria deste ano froito da experiencia acumulada nos exercicios precedentes e que pretenden favorecer a creación de emprego como a exixencia de que as axudas de minimis impliquen, ao menos, a creación dun posto de traballo a tempo completo. Entre esas modificacións está o aumento do período de presentación de solicitudes de achegas, que estará aberto permanentemente ata o 1 de marzo 2021.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

A nova orde tamén inclúe maiores facilidades para os promotores na presentación das solicitudes e a posta a disposición das entidades colaboradoras dunha aplicación informática para facilitar a tramitación das axudas. Ao mesmo tempo, prevé maior transparencia coa incorporación dunha fase de alegacións no momento da proposta definitiva sobre os proxectos.

Outro dos cambios que introduce a convocatoria busca facilitar a execución do orzamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e dos GALP mediante a reasignación dos fondos dos grupos que teñen menos proxectos propostos, que non cobren todo o seu orzamento, a aqueles que teñen máis proxectos que orzamento e, polo tanto, máis beneficiarios potenciais. Mentres, coa idea de reforzar a loita contra a fraude, a orde recolle, ademais, información sobre a canle axeitada para poñer en coñecemento feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiadas totalmente ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da UE.

### Proxectos de dinamización costeira

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade ao grupos de acción costeira, creados en 2009 e dos cales entre 2010 e 2014 se aprobaron máis de 400 proxectos por un importe de 23 millóns de euros, o que redundou na xeración de 250 empregos.

As achegas previstas para os próximos anos buscan seguir coa dinamización das zonas costeiras, polo que poderán solicitálas os oito GALP existentes en Galicia: A Mariña-Ortegal, Golfo Ártabro Norte, Costa da Morte, Seo de Fisterra Ría de Muros Noia, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra, Ría de Vigo-A Guarda e Golfo Ártabro Sur. Poden consultar todos os detalles da convocatoria de axudas na orde que publica hoxe o *Diario Oficial de Galicia*.